

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 11-09-2020, ditou a resolución con número 2180/2020 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

ACTIVIDADE “ESCOLA DE NATACIÓN 2020/21”. LISTAXES DE RENOVACIÓN DE ALUMNADO E APERTURA DUN PRAZO DE COMUNICACIÓN DE APRAZAMENTO DA PARTICIPACIÓN OU BAIXAS.

O Concello de Carballo ven ofertando cada curso a actividade “Escola de Natación”, dirixida a nenos e nenas entre 3 e 10 anos de idade.

Co remate de cada curso causan baixa na actividade os nenos e nenas que superan a idade máxima no seguinte curso, considerándose renovados de xeito automático os restantes.

Existen tódolos anos demandantes da actividade en listas de agarda, maioritariamente de idades entre os 3 e 5 anos de idade.

No curso 2019/20 a pandemia xenerada pola Covid-19 obrigou a suspender a actividade o 11 de marzo de 2020, sendo imposible reanudala, e considerándose renovados na mesma para o curso 2020/21 un total de 534 usuarios e usuarias.

Á vista das inquiredanzas das familias en canto ó inicio do curso escolar e da incertidume existente en canto ás actividades grupais, é previsible que un número importante de participantes opte por non asistir á actividade en canto non remita a pandemia.

É de vital importancia para a programación da actividade en canto ós protocolos de prevención da Covid-19, así como para a optimización dos recursos dispoñibles coñecer a demanda real para a mesma durante o curso 2020-21.

PROPONSE

PRIMEIRO.- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo, e no taboleiro de anuncios da Piscina Municipal Vila de Noia a listaxe de participantes na Escola de Natación con renovación automática para o Curso 2020/21, segundo o Anexo 1 a esta resolución, e ós cales se lles asignará horario e grupo de actividade para o presente curso se non comunican baixa ou aprazamento.

SEGUNDO.- Abrir un prazo ate o día 18 de setembro para comunicar a baixa ou aprazamento da participación na actividade Escolas de Natación, nas seguintes condicións:

- Os participantes que opten por aprazar a participación e sigan sendo abonados ás instalacións deportivas municipais terán reservada a súa praza na Escola de Natación, podendo solicitar a reincorporación no curso 2021/22, ou no mesmo curso 2020/21 se houbera prazas libres nese intre.
- Os participantes que comuniquen baixa perderán a súa praza na Escola de Natación.
- A comunicación pode efectuarse vía rexistro telemático do Concello de Carballo, ó mail carballodeporte@carballo.gal ou presencialmente nas oficinas “Carballo Deporte” na rúa Vila de Corcubión S/N.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes